

BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL URGENTE POR INTERINIDADE DUNHA (1) PERSOA PARA PRESTAR SERVIZO COMO TÉCNICO/A EN MEDIO AMBIENTE.

PRIMEIRA. OBJETO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da convocatoria é a selección e contratación laboral temporal por interinidade de UN/HA (1) TÉCNICO/A EN MEDIO AMBIENTE, para a substitución do TÉCNICO/A EN MEDIO AMBIENTE titular do Concello de Sanxenxo. A duración do contrato estará supeditada a dita substitución.

SEGUNDA. CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO CONVOCADO.

TÉCNICO/A EN MEDIO AMBIENTE substituto/a do Concello de Sanxenxo.

A retribución mensual bruta será a equivalente a un grupo 2 (persoal laboral, equivalente a A2 funcionario), e un Nivel de Complemento Destino 18 (equiparado a persoal funcionario).

A modalidade contractual será a dun contrato de duración determinada a xornada completa por interinidade para substituír a traballadores con dereito a reserva de posto, exercendo as funcións de técnico/a en medio ambiente grupo equivalente a A2, a contratación farase ó amparo do disposto no apartado art.15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo (B.O.E. 29-03-1995), segundo a redacción dada pola lei 63/1997, do 26 de Decembro (B.O.E. de 30 de Decembro), ampliado por o apartado dez do artigo primeiro da lei 12/2001, de 9 de xullo (B.O.E. de 10 de xullo). R.D. 2720/98, de 18 de decembro (BOE de 8 de xaneiro de 1999), modificado por o apartado 2 da disposición final primeira do RD 1251/2001, de 16 de novembro (BOE de 17 de novembro), así como o establecido na Lei 7 / 2007 do Estatuto Básico do Empregado Público.

TERCEIRA. SISTEMA DE SELECCIÓN.

Establécese o de oposición: Consistirá na realización dunha proba relacionada co traballo a desempeñar, a cal constará de 2 exercicios:

- 1º Exercicio práctico/teórico e eliminatório*: Na que o/a aspirante deberá demostrar os coñecementos relacionados ca súa formación académica aplicada o traballo contestando varias preguntas relacionadas tanto co traballo habitual como do temario (Anexo I). (Valorarase de 0 a 8 puntos).
- 2º Oral: O tribunal cualificador fará unha entrevista curricular a todos os aspirantes que superasen o primeiro exercicio, o tribunal preguntará sobre aspectos do currículo así como cuestións relativas as funcións a desempeñar no traballo diario, a súa actualización de coñecementos e o coñecemento do municipio, así como cuestións relacionadas co temario do anexo I. (Valorarase de 0 a 2 puntos).

- A oposición puntuarase de 0 a 10 puntos.

- De entre todos os aspirantes seleccionarase a aquel que sume a maior nota.

- eliminatório*: O tribunal establecerá a nota de pase a segunda proba, non podendo ser esta inferior a 4 puntos.

CUARTA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1. Con carácter xeral, os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán ou membro da Unión Europea, ou de non selo, posuír o permiso de traballo necesario ou estar excluído de dita obrigaçión; todo elo de acordo co establecido na Lei Orgánica 14/2003, de 20 de novembro, de Reforma da Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- b) Ter 18 anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión ou en condicións de obter a titulación académica de grao (ou equivalente) que o capacite para o desempeño do posto ofertado de TÉCNICO/A EN MEDIO AMBIENTE.
- d) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- f) Non encontrarse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- g) Ser titular do permiso de conducir da clase B e comprometerse a manter a súa vixencia mentres este en activo.
- h) Ter ingresado na conta bancaria de ABANCA nº ES 12 2080 5061 45 3040005803 a cantidade de 17,99 € fixada como dereitos de exame, na ordenanza municipal publicada no BOP de 15 de decembro de 2011. Aqueles aspirantes que presenten a tarxeta de demandante de emprego en vigor estarán exentos do pago dos dereitos de exame.

2. Tódolos requisitos esixidos no punto anterior, deberán reuni-los os aspirantes o día que remate o prazo para presentalas solicitudes.

QUINTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE SOLICITUDE.

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, dirixiranse o alcalde do Concello de Sanxenxo e presentaranse no Rexistro do Concello de luns a sábado en horario de 9:00 a 14:00 horas o sábado ata as 13:00 horas, ou ben na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 7 días naturais dende ó de publicación do anuncio, no taboleiro de anuncios do Concello de Sanxenxo e nun xornal dos de maior difusión da provincia.

Xuntarase coa instancia a seguinte documentación: fotocopia compulsada do D.N.I., fotocopia compulsada do carné de conducir, título que da acceso á convocatoria orixinal ou compulsado, currículo extenso e detallado; dos cursos e méritos citados no currículo deberán xuntarse copias dos mesmos, orixinal ou fotocopia cotexada do documento que acredite o ingreso de taxas ou no seu defecto tarxeta de demanda de emprego ou certificación que acredite tal situación.

SEXTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES E PROBA.

Rematado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución da presidencia no prazo máximo de 5 días, aprobando as listas provisionais de admitidos e excluídos cos motivos de exclusión. Dita resolución publicarase no taboleiro do Concello de Sanxenxo e na web municipal.

Os aspirantes que foran excluídos, disporán de 5 días naturais para a emenda dos defectos polos que foran excluídos.

Lista que elevarase definitiva no suposto de que non houberse reclamacións.

As datas da proba publicarase no taboleiro de anuncios municipal e na web do Concello de Sanxenxo.

SETIMA. PROTECCIÓN DE DATOS

Por o feito da participación no proceso selectivo, os aspirantes prestan o seu consentimento para que os datos de carácter persoal facilitados por eles sexan incorporados ao ficheiro "laboral", rexistrado na AEPD publicado no BOP nº 201 de 16 de outubro de 2008).

OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal, que en ningún caso poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas, para que se considere validamente constituído, este deberá estar formado por o menos por tres persoas das que o compoñen, sexan titulares ou suplentes.

Estará integrado por :

Presidente:	Luís Ángel Sabaríz Rolán.
Secretario:	Teresa Reyes Martínez.
Vocais:	Maria Rita Casal Estévez.
Técnicos asesores:	Técnico de medio ambiente. Técnico de emprego / persoal do Concello de Sanxenxo.
Suplentes:	Aquilino González Pérez. Teresa Amado Moldes. Lucía Bemúdez Paz.

NOVENA. PUNTUACIÓN FINAL

Determinada a cualificación final resultado da puntuación obtida na oposición e tendo en conta o exposto na base terceira, o Tribunal fará pública a lista de puntuacións no taboleiro do Concello.

DÉCIMA. RESOLUCIÓN DE ALTA.

Unha vez cumpridos todos os requisitos a alcaldía - presidencia resolverá ordenando a alta do aspirante proposto por o tribunal cualificador do proceso selectivo.

UNDÉCIMA. INCIDENCIAS

O tribunal, queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e adopta-las decisións necesarias para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases, ó amparo da lexislación vixente.

Sanxenxo, 29 de setembro de 2015.

O alcalde,

Gonzalo Gonzalo Pita.

ANEXO I

ANEXO I: PROGRAMA**1ª Parte: Materias comúns**

Tema 1. A Constitución española: estrutura e contido. Dereitos e deberes fundamentais. Nocións xerais sobre a Coroa, o Poder Xudicial, as Cortes Xerais e, o Goberno e a Administración na Constitución.

Tema 2. A organización territorial do Estado na Constitución. As Comunidades Autónomas: especial referencia a Galicia e ó Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 3. Os municipios: concepto, elementos e competencias. A organización municipal dos municipios de réxime común, órganos de goberno, funcionamento e competencia.

Tema 4. Principios de actuación da Administración pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. Fontes do dereito administrativo.

Tema 5. O procedemento administrativo: concepto e clases. As fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. O silencio administrativo. Especialidades dos procedementos administrativos locais. Requisitos na presentación de documentos. Comunicacions e notificacións. Os informes.

Tema 6. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Motivación e notificación. Eficacia dos actos administrativos. Executividade. Execución forzosa. Suspensión. Validez e invalidez dos actos administrativos. Validación. Conservación e conversión. Revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Recursos administrativos: principios xerais.

Tema 7. O Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais: ámbito de aplicación. Os recursos dos municipios. Especial referencia aos tributos municipais: impostos, taxas e contribucións especiais.

Tema 8. Os bens das entidades locais. Clasificación e réxime xurídico. O inventario de bens das Entidades Locais.

Tema 9. A contratación administrativa: normativa. Concepto do contrato de obras, do contrato de concesión de obra pública, do contrato de subministros, do contrato de servizos e dos contratos mixtos. Os contratos menores. As obras por administración.

Tema 10. O persoal ó servizo das entidades locais. Funcionarios e funcionarios interinos, persoal laboral, persoal eventual. Acceso ao emprego público e adquisición da condición de servizo e perda da relación de servizo.

2ª Parte: materias específicas

Tema 1. Normativa en materia de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade de Galicia: Lei 1/1993, do 13 de abril, Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril.

Tema 2. Normativa en materia de protección de animais considerados potencialmente perigosos: Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o Réxime Xurídico da Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos, Real Decreto 287/2002, de 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o Réxime Xurídico da Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos. Normativa en materia de protección de animais considerados potencialmente perigosos en Galicia: Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a Tenza de Animais Potencialmente Perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os Rexistros Galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos.

Tema 3. Os residuos sólidos urbanos: problemática. Orixe e clasificación. Impacto ambiental e socioeconómicos dos RSU.

Tema 4. Xestión dos residuos sólidos urbanos: Marco legal. Prevención. Redución. Reutilización. Reciclaxe. Compostaxe. Valoración enerxética e vertido controlado. Xestión dos residuos sólidos urbanos: recollida, transporte e tratamento. Plan Nacional de RSU. Plan de xestión de residuos sólidos urbanos en Galicia.

Tema 5. Ordenanza municipal de protección do medio ambiente, limpeza pública e recollida de lixo do Concello de Sanxenxo.

Tema 6. Os puntos limpos. Regulamento de funcionamento do punto limpo do concello de Sanxenxo.

Tema 7. Sistemas integrados de xestión en materia de residuos. Convenios nos que participa o Concello de Sanxenxo: ECOVIDRIO, ECOEMBES.

Tema 8. Xestión de vehículos o final da súa vida útil. Aparellos eléctricos e electrónicos o final da súa vida útil.

Tema 9. Desenvolvemento sostible. Cume da terra 1992. Declaración de Río sobre medio e desenvolvemento. Modelos de desenvolvemento sustentable. Indicadores de sustentabilidade.

Tema 10. Criterios de sostibilidade aplicables o planeamento urbano. Lei 9/2002, de 30 de decembro, ordenación urbanística e protección do medio rural en Galicia.

Tema 11. Lei 3/2007, de protección e defencasa contra os incendios forestais de Galicia.

Tema 12. Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.

Tema 13. A axenda local 21. Deseño e dinamización dos procesos de axenda local 21.

Tema 15. Educación ambiental. A estratexia Galega de Educación Ambiental. O Observatorio Galego de Educación Ambiental. A educación ambiental no Concello de Sanxenxo.

Tema 16. A interpretación do medio natural.

Tema 17. O Sistema Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoria.

Tema 18. O cambio climático. Convenio Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático. Causas, impacto e mitigación. O protocolo de Kioto.

Tema 19. Indicadores ambientais do cambio climático en Galicia.

Tema 20. Estratexias Locais fronte o Cambio Climático.

Tema 21. Normativa en materia de conservación da natureza de Galicia: Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

Tema 22. Os espazos naturais protexidos: a Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos. Hábitat e especies máis representativas.

Tema 23. Os espazos naturais da Rede Natura 2000 en Galicia: lugares de interese Comunitario-LIC, Zonas de Especial Conservación-ZEC e Zonas de Especial Conservación para as Aves- ZEPAS.

Tema 24. Tipos de hábitats de interese comunitario máis significativos presentes en Galicia.

Tema 25. Normativa en materia de protección ambiental de Galicia: Lei 1/1195, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia: Disposicións xerais. O Consello Galego de Medio Ambiente. A inspección ambiental.

Tema 26. Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia.

Tema 27. Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación dos efectos ambientais para Galicia.

Tema 28. Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula o procedemento de avaliación da incidencia ambiental: obxecto.

Tema 29. Normativa ambiental en materia de avaliación de plans e programas: Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente: obxecto, ámbito de aplicación e informe de sustentabilidade ambiental.

Tema 30. Real Decreto 1341/2007, de 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

Tema 31. Xestión de praias. Control sanitario de augas de baño. As certificacións ambientais como sistemas de xestión dos usos recreativos nas praias: Bandeira Azul, Principais sistemas de xestión ambiental: EMAS, ISO 14001. Principais sistemas de xestión turística: Q de calidade.